Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✻ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Medicina

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Cova das Augas Santas de Rececende

Na parroquia de San Xoán de Rececende, A Pontenova (Lugo) hai unha cova que hoxe ninguén sabe onde ten a entrada e pode que fose tapada. Debeu ser o primeiro lugar onde houbo imaxe de S. Xoán, patrón da parroquia. Cóntase que nesta cova foi onde se refuxiaron os nativos cando chegaron os mouros á Costa dos Mouros, alertados polo rinchar dun cabalo.

Sendo mei pai moi neno, acompañou a unha muller, parente nosa, que viña co seu filliño tullido das pernas á Cova das Augas Santas. O meu pai levaba unha vela e tiña que procurar que non se lle apagase senón a curación xa non era posible.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Arquivo Chaira: Información de José Antonio Alonso González, Rececende (S. Xoán), A Pontenova (Lugo), 1996.

Bibliografía:

Carnero, O., Cuba, X., Reigosa, A. e Salvador, M.; Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances. Deputación provincial de Lugo,

1998.

Cuba Rodríguez, X. R., Reigosa Carreiras, A., "*Xeografía mítica da provincia de lugo (I): Cen lugares con lenda"*, en Croa, nº8, 1998, pp. 42-63.

COMENTARIOS ENVIADOS

Me gustó mucho elcomentario y este sitio de LUGONET. Desde Buenos AIRES,les escribe una gallega,lucense para mas datos, que sus padres trajeron a la Argentina hace sesenta años.Cuando retorno a la tierra donde nací(CHACIN-RIOTORTO-LUGO) siento que todos los verdes del prado me pertencen y el sonido del viento me dá su bienvenida. María Delia

Enviado por MARIA DELIA GAVIN o 26/09/2007 ás 14:30:56